

DON XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ, ARQUEÓLOGO E ETNÓGRAFO AO SERVIZO DA IDENTIDADE GALEGA

Xosé Manuel González Reboredo

Na década dos anos vinte deste pasado século, a un rapaz nacido en Ourense, mais coñecedor do mundo rural de Lobeira, ocrúeselle realizar unha maqueta do carro de bois e recoller os nomes dos seus compoñentes. A fortuna asociouse con esta curiosidade xuvenil, e puido ensinarlle o seu carriño a Florentino Cuevillas, que estaba a cobrar fama como investigador da nosa prehistoria. Era Cuevillas un mestre disposto a fomentar vocacións no estudo da realidade cultural galega, e decidiu orientar a aquel mozo para que afondase neste elemento da tecnoloxía rural. Así naceu o etnógrafo don Xaquín Lorenzo Fernández, case dúas décadas despois de ver a luz dos humanos como froito do matrimonio formado por Xosé Lorenzo Álvarez e Xaquina Fernández Barcia.

Os contactos iniciais con Cuevillas continuarán no futuro, ampliados a Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Malia incursións illadas noutros asuntos, e malia a súa colaboración en diversas iniciativas culturais, este galego agora homenaxeado pola Real Academia Galega, membro desta corporación desde o ano 1951, e tamén docente ao longo de varias décadas, considerouse sempre un etnógrafo e arqueólogo, combinación de dúas pólas dos estudos humanísticos baseada nun principio moi espallado por toda Europa no seu tempo, o de que os sectores rurais das sociedades complexas poden manter supervivencias de tempos idos, ás veces daquelas remotas idades nas que se iniciou a configuración dun *Volksgeist* ou espírito peculiar dos pobos. Unha longa tradición iniciada no século XIX á sombra do romanticismo, e logo continuada polo evolucionismo e difusionismo sociocultural e polos estudos de Folklore, elevou estas camadas populares, con cultura en gran parte oral, á categoría de “pobo auténtico”, a depositarias dunhas tradicións que permiten dotar de singularidade as sociedades europeas que estaban sendo sometidas a unha primeira globalización tecnolóxica. Non é por iso de estrañar que en todo o mundo occidental xurdise, a carón dunha curiosidade polas culturas dos pobos exóticos, un interese pola recollida e valoración das prácticas populares. Os estudos da *Volkskunde* en Alemaña, ou os iniciados pola *Folklore Society* londiniense, ou os emprendidos por Sébillot en Francia, Pittré en Italia, Teófilo Braga, Coelho ou Leite de Vasconcelos no irmán Portugal, son boa mostra desta tendencia, a cal contaba na nosa terra, á altura dos tempos de don Xaquín, con antecedentes na obra de Manuel Murguía, ou nos datos recompilados pola sociedade “El Folklore Gallego”.

No ano 1926 don Xaquín ingresou no *Seminario de Estudos Galegos* cun traballo dedicado precisamente ao carro, e acabará converténdose nun activo membro desta benemérita institución, na que tivo a oportunidade de relacionarse con figuras como Bouza-Brey, Filgueira Valverde, Fraguas, Fernández-Oxea ou Xesús Carro, todos eles perseverantes amigos e compañeiros de inquedanzas galeguistas e investigadoras, aos que se engadiron co tempo outros, como Taboada Chivite, Ferro Couselo, Laureano Prieto ou García Álvarez. Será no Seminario onde el defina os seus obxectivos de investigación, os que podemos resumir en dous principios:

1ª) A necesidade de recoller trazos do pasado arqueolóxico e do presente etnográfico para deixar constancia das súas características antes da súa destrución ou perda, fornecendo así materiais para a análise comparativa dentro da propia Galiza ou con terras veciñas e culturalmente afíns.

2ª) No que se refire á interpretación dos materiais descritos, don Xaquín, como os demais estudiosos da época, acudirá ao paradigma historicista baseado na aludida relación entre culturas orais presentes e pasado remoto. A interpretación das formas como produto dun proceso no que o pobo conservou, malia influencias sucesivas, certos compoñentes, ou actitudes, ao longo dos séculos, conduce ao etnógrafo a se dar a man co arqueólogo e o historiador, detectando, con máis ou menos precisión, *survivals* de vellos trebellos ou de antigas crenzas.

Como arqueólogo, don Xaquín pode ser cualificado de arqueólogo artesanal, sempre fiel seguidor das directrices marcadas por Cuevillas, con quen libra as súas primeiras lides nestes eidos en traballos como o feito en Calvos de Randín e publicado en 1930. Tamén axudou a Cuevillas e ao seu amado e malogrado irmán Xurxo a catalogar os castros da terra de Lobeira e, xa estudante en Santiago, participará nas escavacións de Borneiro, Baroña e Troña. Pasada a treboada da guerra civil, volve colaborar con Cuevillas en Cameixa, con Taboada Chivite en Cabancas, con García Álvarez en Ribadavia e con Ferro Couselo no Castromao. Ademais, publicou numerosos achados soltos, como a arracada do Irixo, analizou o monumento de Augas Santas, contribuíu á actualización do *corpus* de inscricións latinas de Ourense coa axuda de Álvaro d'Ors e Fermín Bouza-Brey, fixo demorados estudos de arquitectura prerrománica en Amiadoso, Francelos, Pazó e Mixós, e estableceu constantes contactos con Portugal, onde foi membro correspondente da *Associação dos Arqueólogos Portugueses* e da *Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología* do Porto, da cal era figura destacada o seu bo amigo J. R. dos Santos Júnior. Todo isto sen esquecer que en Ourense colaborará intensamente co grupo "Marcelo Macías" do Museo Arqueolóxico, e coa Comisión Provincial de Monumentos.

Mais foi a súa condición de etnógrafo a que lle deu xustificada sona por tres razóns diversas, aínda que complementarias. Unha delas é que, no conxunto da súa obra, as publicacións dedicadas a Etnografía ou Folklore son as máis numerosas e voluminosas. A segunda está relacionada coa súa habilidade para o debuxo, o que o converteu no

mellor debuxante etnográfico da Galiza do seu tempo. En canto á terceira, refírese á divulgación da nosa cultura oral en centos de conferencias, artigos e intervencións radiofónicas e televisivas, ou mediante o interesantísimo documental “O carro”, filmado co seu asesoramento por Antonio Román. Este afán divulgador e patrimonializador tivo outra faciana na súa contribución á museoloxía etnográfica, primeiro como un dos encargados dun nacente Museo proxectado polo Seminario nos anos trinta e, a partir de 1976, na entusiasta contribución ao nacemento e consolidación do Museo do Pobo Galego, institución da que será primeiro Presidente do Padroado e á que doará, por manda testamentaria, os seus libros, materiais antropolóxicos e dereitos de autor.

Non foi don Xaquín un etnógrafo creador de grandes teorías sobre a cultura, senón un investigador orientado a facilitar un retrato das formas culturais do mundo rural e mariñeiro vixente na primeira metade do século XX. O seu campo de observación privilexiado foron as terras da Limia Baixa, aínda que estendeu a súa ollada a moitas outras. Os seus escritos conteñen achegas sobre diversos aspectos da cultura. Un deles é o ámbito crencial-simbólico, presente en contribucións como a que lle dedicou a un ser da nosa mitoloxía popular, o *tardo*, ou as centradas en festas como a da súa adorada Virxe do Viso e a do tres de maio en Laza, esta última en colaboración con Vicente Risco. No campo da sociedade, deixounos artigos como a descrición dunha voda en Lobeira, traballo de mocidade asinado co seu irmán Xurxo, e outros dedicados a entreaxudas como o *carreto*. Así mesmo, recolleu textos de literatura oral, con mostras como o seu monumental *Cantigueiro popular da Limia Baixa*.

De todas as maneiras, a maior parte da súa produción estivo centrada na arquitectura e tecnoloxía tradicionais, cubrindo así un ámbito que foi moito menos cultivado polos seus mestres e compañeiros do *Seminario de Estudos Galegos*. Son ben coñecidas as súas investigacións sobre o carro, a arquitectura popular, tema ao que dedicou o seu discurso de ingreso nesta Academia, a tecnoloxía do liño e a la, ou a dorna. De maneira moi especial, é preciso salientar a súa *Etnografía. Cultura material*, na que fai unha completa síntese da tecnoloxía campesiña, artesá e mariñeira da Galiza do seu tempo.

Sería, con todo, inxusto pensar que don Xaquín tiña unha visión fragmentaria da cultura. Por moito que razóns de método descritivo o levasen a catalogar obxectos, tamén atopamos nos seus escritos un esforzo por amosar que a cantiga se mestura na práctica co traballo material, que as institucións sociais están en relación intensa coas crenzas e coa arquitectura, ou que a dorna non se entende plenamente se non se alude á organización dos mariñeiros que a utilizan. Esta visión holística reflíctese en monografías fomentadas polo Seminario de Estudos Galegos como *Parroquia de Velle*. Mais tamén aparece no citado traballo sobre o liño e a la, no cal, cabo dos datos tecnolóxicos, nos fala de xuntanzas da xuventude nos *fiadeiros*, e das cantigas a eles asociadas. Noutra orde de cousas, el foi moi consciente das relacións entre lingua e cultura, e en función disto ocupouse de recoller o léxico asociado aos obxectos, do que son mostra

dúas publicacións súas na revista do *Seminario de Lingüística Románica da Universidade de Hamburgo*, que contaba con etnolingüistas coñecidos de don Xaquín, como Schneider ou o propio director, Fritz Krüger.

Cando o 18 de xullo de 1989 falece na súa casa de Facós, don Xaquín era un recoñecido investigador da nosa Etnografía e Arqueoloxía, condecorado e homenaxeado reiteradamente. Deixounos como heranza o seu amor a Galiza e un monllo de escritos nos que dá noticia dos máis variados recunchos da cultura autóctona, unha cultura aberta a influencias e novidades, mais tamén con capacidade creativa propia, feito que converte a celebración das Letras Galegas deste ano tanto nunha homenaxe a un etnógrafo como ás xentes portadoras de formas culturais por el estudadas. En liñas xerais podemos cualificalo como un investigador honrado e coherente que estudou un universo labrego e mariñeiro que estaba a comezar un proceso de transformación, mais que era maioritario no conxunto de Galiza, pois en 1962, ano de publicación da *Etnografía. Cultura material*, aínda case o 63% da poboación activa galega traballaba na agricultura e a pesca.

Non quero rematar a miña intervención sen aludir ao deber cívico e profesional que temos os etnógrafos, co necesario apoio institucional e social, de continuar de forma renovada o seu ronsel, e o dos seus mestres e compañeiros de xeración. De certo que aínda podemos ampliar ou matizar moitos dos temas abordados na súa obra, mais tamén estamos na obriga de orientar unha parte do noso esforzo en novas direccións. Porque nesta alborada do terceiro milenio Galiza é distinta da dos tempos de don Xaquín. O pobo campesiño, artesán e mariñeiro, antes maioritario, está sendo substituído por xente que manexa ordenadores, viaxa en avións, utiliza diversos medios técnicos no campo, o mar ou a cidade, e asume, de xeito ás veces perigoso para a nosa identidade, variadas modas e influencias. O etnógrafo enfróntase, por iso, ao reto de combinar os estudos de romarías como a do Viso cos dedicados a percorridos rituais como as manifestacións, unha nova forma do que algúns investigadores chaman a “relixión civil”. Se pode seguir sendo de utilidade recoller literatura oral sacada da memoria dos máis vellos, tamén temos que admitir como obxecto de atención o que Dundes e Patger denominaron “o folklore do papeleo”, un “neofolklore” transmitido por Internet ou en follas impresas. E o mesmo que don Xaquín documentou a vida na dorna, debemos ser capaces de analizar o traballo dos mariñeiros nun moderno buque, ou as novidades de artificios mecánicos como os tractores no agro, ou a etnicidade simbólica nos grupos emigrantes da Galiza exterior, tema este último sobre o que investigaron diversos antropólogos non galegos pero que aquí mereceu, ata o presente, escasa atención. Isto non quere dicir que abandonemos o vello patrimonio cultural tan ben descrito por el; pola contra, é preciso conseguir unha axeitada patrimonialización activa da heranza cultural do pasado para reforzar unha identidade referencial que en todos os pobos se constrúe mediante a memoria colectiva.

Ademais, o noso mester ha ser exercido con espírito crítico, sendo capaces de recoñecer que certos hábitos herdados polos galegos e galegas, ou algunhas subordinacións

conformistas, son ferramentas pouco aptas para avanzar cara ao futuro con decisión, dentro dun espírito europeísta tan defendido no seu día polos homes de *Nós* e o SEG. Unha breve frase de Víctor F. Freixanes, incluída no seu discurso de ingreso nesta corporación, é suxeridora dun camiño para que os etnógrafos manteñamos unha fidelidade actualizada co noso pobo, coa nosa lingua e con persoeiros como o que agora nos ocupa: “Desterremos para sempre o conto da escaleira”. Se así o facemos, seguro que don Xaquín e os seus mestres e compañeiros nolo agradecerán dende ese ceo dos bos e xenerosos do que tanto falaban.

DIXEN

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO

Ourense, 17-V-2004